

INFORME SOBRE A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O 1 de setembro de 2026 ten entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio un escrito remitido pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal no que se solicita o informe preceptivo en relación coa proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) da Administración Xeral da Comunidade Autónoma

A dita solicitude vén acompañada da seguinte documentación:

- Memoria-informe da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.
- Equivalencias de posto.

Atendendo á solicitude formulada, en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, e con base nas competencias que lle confire o artigo 14 apartado 2.F.a) do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSAP emite o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. Obxecto da proposta

Propónse a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia co obxecto de garantir que todas as persoas adxudicatarias de postos de traballo en virtude da Resolución do 13 de abril de 2026, pola que se resolve o concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, poidan tomar posesión dun posto con carácter definitivo.

Esta proposta resulta necesaria ao existir postos adxudicados afectados por procedementos xudiciais e non ser posible, nalgúns casos, a adscrición a postos da mesma localidade e características. Por este motivo, considérase

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Edifícios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela



preciso proceder á amortización de dous postos de traballo e á creación doutros dous postos, garantindo que as persoas afectadas poidan tomar posesión en postos de similares características e con idénticos efectos aos inicialmente adxudicados.

SEGUNDO. Amortizacións

A proposta incorpora a amortización dos seguintes postos de traballo:

DENOMINACIÓN DO POSTO CÓDIGO DO POSTO	F.PROV .	NIVEL	SUBGRUPO	CORPO/ ESCALA ADSCRICIÓN ADM. PÚBL.	OBSERVACIÓNS FORMACIÓN
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES					
S. X. DE COORDINACIÓN DO REXISTRO E ATENCIÓN Á CIDADANÍA					
POSTO BASE SUBGRUPO C2 REXISTRO E INFORMACIÓN PR.C02.00.005.15770.075 (1)	C	12	C2	XERAL AXG	HORARIO ESPECIAL
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN					
OFICINA DE EMPREGO DE VILALBA					
POSTO BASE SUBGRUPO C2 EI.C99.20.901.27640.005	C	12	C2	XERAL AXG	

CÓDIGOS

AXG ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A PERSOAL FUNCIONARIO DA XUNTA DE GALICIA
C CONCURSO

(1) Posto que quedará vacante o 14.09.2026 por obter a persoa ocupante un posto no concurso de traslados de Administración xeral.

TERCEIRO. Creacións

A proposta incorpora a creación dos seguintes postos de traballo:





DENOMINACIÓN DO POSTO CÓDIGO DO POSTO	F.PROV.	NIVEL	SUBGRUPO	CORPO/ ESCALA ADSCRICIÓN ADM. PÚB.	OBSERVACIÓNS FORMACIÓN
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES					
SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN DO REXISTRO E ATENCIÓN Á CIDADANÍA					
SUBALTERNO/A PR.C02.00.005.15770.107	C	10	AP	XERAL AXG	HORARIO ESPECIAL // TAREFAS DE CONDUCCIÓN ADEMAIS DAS PROPIAS DO POSTO DE TRABALLO 954
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN					
OFICINA DE EMPREGO DE VILALBA					
XEFATURA DE GRUPO EI.C99.20.901.27640.004	C	14	C1-C2	XERAL AXG	

CÓDIGOS

AXG	ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A PERSOAL FUNCIONARIO DA XUNTA DE GALICIA
C	CONCURSO
954	PERMISO CONDUCIR B (R.I.)

CUARTO. Custos

Segundo consta na memoria funcional-informe remitida, a proposta comporta a creación de dous postos e a amortización doutros dous postos de traballo. Non obstante o anterior, sobre este asunto pronunciárase a Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública.

QUINTO. Sentido do informe

Á vista de todo o anterior, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio **informa favorablemente** a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
José María Barreiro Díaz

